

# SAFD01 - Ensinanza e animación sociodeportiva

## Que se aprende a facer?

Elaborar, xestionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos recreativos para todo tipo de persoas usuarias, programando e dirixindo as actividades de ensino, de inclusión sociodeportiva e de tempo libre, coordinando as actuacións dos/das profesionais implicados/as, garantindo a seguridade, respectando o ambiente e conseguindo a satisfacción das persoas usuarias, nos límites de custo previstos.

## En que ámbitos se traballa?

No ámbito público, na Administración xeral, autonómica ou local, en entidades de carácter privado, en grandes, medianas ou pequenas empresas que ofrezan servizos de ensino deportivo, acondicionamento físico, inclusión sociodeportiva e recreación

## Que ocupacións se desempeñan?

Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis, pádel, etc.); animador/a físico-deportivo/a e recreativo/a, de actividades de inclusión sociodeportiva, de veladas e espectáculos en instalacións turísticas, e de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas; coordinador/a de actividades de animación deportiva, de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas e privadas, de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil; director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; xefe/a de departamento de animación turística; cronometrador/a, xuíz/a e árbitro/a de competicións deportivas non oficiais; promotor/a deportivo/a de competicións de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico; monitor/a de actividades físicodeportivas e recreativas en campamentos de tempo libre; socorrista en instalacións acuáticas.

## Que título se obtén?

Técnico superior en Ensinanza e animación sociodeportiva.

## A que outros estudos se pode acceder?

Este título permite o acceso directo a calquera ciclo formativo de grao medio ou superior. Tamén é posible obter o título de bacharelato matriculándose e superando unicamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida, e a materia de Lingua Galega e Literatura. Así mesmo, é posible acceder a calquera ensinanza universitaria de grao, de modo directo, sen necesidade de proba. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a nota media do ciclo formativo.

## Oferta como acceder al ciclo

### Réxime ordinario

As prazas ofrecidas para cada centro e ciclo distribúense en tres cotas: cota xeral, cota para persoas con discapacidade legalmente recoñecida (10%) e cota para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento (5%).

Para cada cota haberá tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

**Grupo A**, persoas que posúen título de bacharelato ou equivalente para efectos de acceso a ciclos.

**Grupo B**, persoas que teñen un título de técnico LOE ou LOXSE.

**Grupo C**, persoas que teñen certificación de superación das probas de acceso a ciclos superiores ou outras vías de acceso a ciclos de grao superior.

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles para cada ciclo e para cada centro é:

<b>GRUPO A</b>	<b>GRUPO B</b>	<b>GRUPO C</b>
Bacharelato ou equivalentes	Título de técnico	Probas de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

### **Critérios de selección cando a demanda de prazas supera a oferta**

Dentro de cada grupo establécese a relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso

#### **Grupo A.**

1º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo. A nota media, de maior a menor, das materias vinculadas empregárase nos casos de empate da nota media do bacharelato.

2º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo.

3º. Alumnado con título de bacharelato sen modalidade preferente das determinadas no currículo do ciclo. Alumnado que superara COU ou PREU.

4º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) da modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo (*non aplicable para este curso, segundo o disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño*).

5º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) sen a modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo.

6º. Alumnado con título de bacharelato unificado e polivalente (BUP).

#### **Grupo B.**

1º. Alumnado con título de técnico de formación profesional da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

2º. Alumnado con título de técnico de formación profesional de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

#### **Grupo C.**

1º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

2º. Alumnado con proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.

3º. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.

4º. Alumnado con título universitario.

- Consultar modalidades preferentes de bacharelato e materias vinculadas para o acceso a ciclos formativos de grao superior (*Pendente de publicación*).

En caso de empate entre varias persoas solicitantes, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza. De persistir o empate, resolverase por sorteo público segundo a normativa. (Criterios de desempate, *pendente de publicación*)

O procedemento de admisión ten establecidas as datas de publicación das listaxes de adxudicacións e os prazos de formalización de matrícula (consultar o [calendario de admisión](#)). As matrículas ou renuncias fóra dos prazos establecidos non serán válidas.

## **Admisión a ciclos formativos de grao superior.**

<http://www.edu.xunta.es/fp/informacion-xeral>

### **Admisión. Curso 2019/2020**

<http://www.edu.xunta.es/fp/node/13647>